

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE FEBREIRO DE 2019**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2019.....	17
6	PRECIPITACIÓN	19
6.1.	Precipitación acumulada mensual febreiro 2019	19
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	20
6.3.	Días de chuvia en febreiro de 2019	21
6.4.	Evolución da precipitación en febreiro de 2019	23
7	VENTO	24
8	RADIACIÓN SOLAR	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	29
9	RAIOS.....	30

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 12/03/2019



Mes seco e moi cálido.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de febreiro quedou caracterizado pola presenza das altas presións, localizadas ao norte da península Ibérica e que durante máis da metade do mes impediron a entrada das borrascas atlánticas, o que explica o déficit de precipitación. Ademais estes anticiclóns achegaron aire cálido polo que as temperaturas tamén estiveron por riba da media. Curiosamente o mes comezou cunha xornada de forte temporal do noroeste, que ademais de ventos fortes deixaba chuvascos frecuentes, por momentos de forte intensidade e acompañados de sarabia e aparato eléctrico, con nevaradas algo por debaixo dos 1000 metros.

O día 2 tivemos algúns chuvascos, pero a situación foi mellorando con relativa rapidez. O período entre o 3 e o 5 quedou marcado por situacións intermedias, nas que apenas se rexistraron chuvias, pero si a presenza de xeadas, néboas e ceo parcialmente anubrado no litoral.

Os días 6 e 7 continuamos nesa mesma situación intermedia, pero algo máis do lado das borrascas, polo que dúas fronte conseguiron deixar algunhas precipitacións febles. O tempo empeorou nas xornadas do 8, 9 e 10, cando unha zona de aire frío alimentou borrascas profundas, que aínda que non conseguiron achegarse a Galicia, si deixaron momentos de chuvia, particularmente na noite do 9 ao 10 cando estas precipitacións viñeron acompañadas de ventos intensos.

A partir dese momento comezamos o primeiro dos períodos anticiclónicos significativos do mes. As altas presións foron situándose sobre Europa, impedindo a chegada das fronte atlánticas. Este período anticiclónico abarcou dende o 11 ata o 16. Foron xornadas moi frías durante as madrugadas e primeiras horas da mañá, con xeadas importantes no interior e néboas persistentes. Sen embargo, as máximas acadaban valores significativos.

O día 17 unha fronte conseguía romper a barreira anticiclónica, deixando chuvias que se foron xeneralizando durante a tarde.

Na xornada do 18 continuaron estas precipitacións durante a primeira metade do día, pero a medida que foi avanzando a xornada as altas presións recuperaron a posición que tiveran os días anteriores no norte de Europa. Dende esa posición foron quen de achegar aire cálido



procedente do norte de África. Este segundo período anticiclónico prolongouse dende o día 19 ata o 26.

En xeral neses días predominaron os ceos pouco anubrados, ou con nubes altas, aínda que o 23 o achegamento dunha fronte deixaba nubes e mesmo algunha chuva feble no oeste da Coruña pola mañá.

O máis destacado neste período foi a situación de elevadas temperaturas durante a tarde, que a partir do día 20 superaron con facilidade os 20°C, acadándose rexistros históricos en puntos como Ourense, onde se superaron os 25°C os días 24 e 25.

O día 27 unha fronte conseguía chegar de novo ata o territorio galego, deixando un aumento das nubes, descenso de temperatura e algunhas chuvias de escasa intensidade. E no derradeiro día do mes quedamos nunha situación intermedia entre altas e baixas presións, cos ceos alternando nubes e claros.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) e tamén no mapa de 500 hPa (Figura 2) apréciase unha forte anomalía negativa que está centrada ao norte dos Azores, no Atlántico. A anomalía positiva que afecta á península tanto en superficie como dun modo máis destacado en altura (debido á forte anomalía positiva situada no centro de Europa), fai que haxa un bloqueo das borrascas do Atlántico, de forma que foron moi poucas as fronteas que conseguiron afectar á Comunidade. As baixas temperaturas nocturnas e as elevadas temperaturas diúrnas, que en moitos puntos acadaron valores históricos, débense a esta configuración sinóptica, que leva asociados ventos de compoñente sur.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Febreiro-2019.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Febreiro-2019.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	FEBREIRO 2019 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.1/12.8	11.0	14.1 (2006)	5.8 (1956)
Tª mínima media	9.3/9.1	8.0	10.8 (1990)	2.7 (1956)
Tª mínima absoluta	4.0/4.2 (día 3)	-3.0 (22/02/1948)		
Tª mínima máis alta	13.3/12.8 (día 23)	15.8 (16/02/1958)		
Tª máxima media	16.8/16.5	14.0	17.9 (2008)	9.0 (1956)
Tª máxima absoluta	24.4/24.2 (día 26)	27.4 (28/02/1960)		
Tª máxima máis baixa	11.1/10.7 (día 2/1)	2.6 (11/02/1956)		
Precipitación acumulada	46	70-98	250 (1979)	10 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	6	12	25 (1963)	3 (1993)

Comentario: Mes moi cálido para as máximas e as medias, mentres que para as mínimas resultou cálido.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco, que tamén presentou a metade de número de días de chuvia nun mes de febreiro normal nesta localidade.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2019 Temperatura: 1948-2019

SANTIAGO

	FEBREIRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.6	9.4	11.8 (1998)	7.4 (2018)
Tª mínima media	5.7	5.3	9.0 (1990)	2.8 (2006)
Tª mínima absoluta	-0.7 (día 3)	-2.7 (16/02/1983)		
Tª mínima máis alta	10.9 (día 23)	13.8 (03/02/2004)		
Tª máxima media	15.5	13.5	17.6 (1998)	10.5 (2015)
Tª máxima absoluta	23.0 (día 25)	23.0 (27/02/2009)		
Tª máxima máis baixa	8.8 (día 1)	3.6 (04/02/1994)		
Precipitación acumulada	84	149-188	405 (2010)	6 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	8	13	27 (2014)	3 (2004)

Comentario: Mes moi cálido para as máximas e as medias. Nas mínimas aínda que cálido, estivo preto da normalidade. Na xornada do 25 igualouse o valor máximo de temperatura da serie histórica.

A precipitación rexistrada é moi inferior ao rango de valores normais, polo que foi un mes seco, no que tamén reflíctese o escaso número de días de chuvia, inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2019. Temperatura: 1982-2019



LUGO

	FEBREIRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.3	7.2	10.1 (1990)	3.5 (1981)
Tª mínima media	0.8	2.5	6.2 (1990)	-1.4 (1981)
Tª mínima absoluta	-2.8 (día 14)	-9.0 (17/02/1983)		
Tª mínima máis alta	8.7 (día 9)	15.0 (28/02/1987)		
Tª máxima media	15.7	11.9	16.2 (2008)	8.0 (1981)
Tª máxima absoluta	23.6 (día 27)	23.7 (27/02/1997)		
Tª máxima máis baixa	6.0 (día 1)	1.4 (20/02/1996)		
Precipitación acumulada	56	61-88	217 (2014)	16 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	5	10	19 (2015)	3 (1988)

Comentario: Mes no que tendo en conta a temperatura mínima, foi moi frío e tendo en conta a máxima moi cálido. Como resultado disto, tendo en conta a temperatura media o mes foi cálido. A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia foron moi inferiores aos valores climáticos agardados, resultando un mes seco.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2019. Temperatura: 1981-2019

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	FEBREIRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.9	9.3	12.8 (2008)	8.2 (1969)
Tª mínima media	5.1	5.1	9.9 (1966)	2.1 (2005)
Tª mínima absoluta	0.1 (día 3)	-5.9 (12/02/2012)		
Tª mínima máis alta	11.4 (día 9)	14.5 (15/02/1995)		
Tª máxima media	16.8	15.2	18.9 (1998)	12.1 (1986)
Tª máxima absoluta	22.9 (día 22)	24.8 (25/02/2000)		
Tª máxima máis baixa	10.8 (día 1)	5.0 (18/02/1981)		
Precipitación acumulada	50	121-170	526 (1979)	4 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	5	12	26 (2014)	2 (2012)

Comentario: Mes cálido para a temperatura media, como resultado de que foi moi cálido para as máximas e normal para as mínimas. A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco, ademais o número días de chuvia tamén foi moi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2019. Temperatura: 1958-2019



OURENSE

	FEBREIRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.1	9.3	12.4 (1990)	6.9 (2005)
Tª mínima media	2.2	3.3	8.0 (1990)	-0.6 (2012)
Tª mínima absoluta	-1.0 (día 4)	-5.9 (12/02/2012)		
Tª mínima máis alta	7.4 (día 9)	14.4 (11/02/2017)		
Tª máxima media	17.9	15.3	18.9 (1998)	12.1 (1986)
Tª máxima absoluta	26.0 (día 25)	24.8 (25/02/2000)		
Tª máxima máis baixa	8.8 (día 1)	5.0 (18/02/2000)		
Precipitación acumulada	31	54-68	245 (1979)	3 (2005)
Días de chuvia (≥1mm)	4	9	23 (2014)	1 (2012)

Comentario: Mes frío tendo en conta a temperatura mínima e moi cálido para a máxima. Como resultado disto o mes resultou cálido para a temperatura media. Nesta localidade se acadou o rexistro histórico da temperatura máxima absoluta.

A precipitación rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes seco, isto reflíctese tamén na cantidade de número de días de chuvia, inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2019. Temperatura: 1972-2019

5 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron por riba do normal nesta época do ano debido ás altas temperaturas diúrnas asociadas ás situación anticiclónicas. Sen embargo as mínimas estiveron máis preto do normal, xa que neses períodos estables as madrugadas foron frías e as xeadas moi xeneralizadas e significativas no interior.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de febreiro de 2019.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de febreiro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 14.4 °C. Os valores máis altos rexistráronse principalmente nas localidades limítrofes co río Miño Ourenzá, onde os valores superaron os 19 °C. Por outra banda, os valores máis baixos déronse en Manzaneda e Pena Trevinca, superando os 4.5 °C de temperatura máxima media.



5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de febreiro para o territorio galego foi de 3.7 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados nas comarcas da Limia, Verín e nas zonas de alta montaña na provincia de Ourense. Pero destaca tamén algunhas zonas da serra do Suído, onde os valores acadados están próximos aos -2.0 °C. Os valores máis altos déronse principalmente no litoral, destacando as Rías Baixas, así na comarca de Vigo acadáronse valores superiores aos 10 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de febreiro de 2019.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de febreiro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de +1.8 °C. Neste mes, hai algunhas localidades que mesmo acadaron anomalías que superaron os +3 °C, no leste da Comunidade e nas comarcas de A Coruña, Ferrol e Ortegal. As anomalías máis baixas déronse na comarca de Terra de Lemos, que foi normal cunha anomalía de tan só +0.3°C.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de febreiro respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse no leste da provincia de Lugo e nas comarcas de Ferrol e Ortelgal. As anomalías máis baixas neste mes déronse na Ría de Arousa e nos vales, como Monforte. (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cedeira	A Coruña	2.9
Triacastela	Lugo	2.9
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.9
Samos	Lugo	2.9
Fonsagrada (A)	Lugo	2.8
Cervantes	Lugo	2.7
Valdoviño	A Coruña	2.7
Cariño	A Coruña	2.7
Vilariño de Conso	Ourense	2.7
Cerdido	A Coruña	2.7

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de febreiro de 2019.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Ribeira	A Coruña	0.6
Cambados	Pontevedra	0.7
Monforte de Lemos	Lugo	0.7
Pobra do Caramiñal	A Coruña	0.7
Grove (O)	Pontevedra	0.7
Guarda (A)	Pontevedra	0.7
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	0.7
Ribadumia	Pontevedra	0.8
Vilanova de Arousa	Pontevedra	0.8
Illa de Arousa (A)	Pontevedra	0.8

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de febreiro de 2019.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de febreiro de 2019 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Entre os días 24 e 26 as temperaturas rexistradas na Comunidade foron moi elevadas, superándose os 25 °C e moitas localidades.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
26/02/2019	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	27.9
26/02/2019	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	27.5
24/02/2019	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	26.8
25/02/2019	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	26.8
26/02/2019	Areas	TUI	Pontevedra	26.6
25/02/2019	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	26.4
25/02/2019	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	26.3
26/02/2019	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	26.3
25/02/2019	Ourense	OURENSE	Ourense	26.0
25/02/2019	Millara	PANTÓN	Lugo	25.6

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2019 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/02/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	19.4
24/02/2019	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	19.2
25/02/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	19.1
24/02/2019	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	18.9
25/02/2019	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	18.8
25/02/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	18.6
26/02/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	18.1
24/02/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	17.8
25/02/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	17.4
25/02/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	16.3

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2019 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de febreiro de 2019 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Aínda que foron moitas as xornadas nas que as temperaturas mínimas tiveron valores baixo cero, destaca en ambas altitudes o día 3 de febreiro, no que se rexistraron as mínimas máis baixas de forma xeneralizada.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
03/02/2019	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-8.9
03/02/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-8.8
03/02/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-8.5
03/02/2019	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-7.6
03/02/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-6.2
03/02/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	-6.0
03/02/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-5.9
03/02/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-5.5
03/02/2019	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-5.3
03/02/2019	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-5.2

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2019 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/02/2019	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-7.2
04/02/2019	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-4.9
03/02/2019	Baltar	BALTAR	Ourense	-4.7
12/02/2019	Lanzós	VILALBA	Lugo	-4.0
20/02/2019	Morelle	SARRIA	Lugo	-3.9
03/02/2019	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-3.6
03/02/2019	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-3.2
03/02/2019	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	-3.2
03/02/2019	Melide	MELIDE	A Coruña	-3.1
03/02/2019	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	-2.9

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2019 altitude inferior a 1000m.



5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2019.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019 para esta serie foi 10.2 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2019 para febreiro.

A anomalía media da temperatura para este mes de febreiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +1.38 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. Isto debeuse principalmente as temperaturas máximas (anomalía de +2.5 °C), resultando un mes moi cálido. Sen embargo, as mínimas, resultaron normais. (anomalía de +0.2 °C). Tanto para as temperaturas máximas como para as medias, foi o ano máis cálido dende 2008.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en febreiro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias estiveron por debaixo do agardado nun mes de febreiro, debido aos dous longos períodos anticiclónicos que ocuparon máis da metade do mes con tempo seco. Ademais ningún dos días de chuva acadaron valores moi elevados de precipitación.

Segundo os valores do mapa, a precipitación media acumulada é de 61.6 L/m^2 . Os valores máis altos acadáronse nalgunhas das localidades das comarcas do Sar e o Xallas, con valores que nalgúns casos superaron os 160 L/m^2 . Os valores máis baixos déronse na provincia de Ourense, onde a comarca de Valdeorras presentou valores próximos ao, chegando a rexistrarse valores próximos aos 15 L/m^2 .

6.1. Precipitación acumulada mensual febreiro 2019




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de febreiro de 2019.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de febreiro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 55 % inferior ao período de referencia 1981-2010. En Ourense e principalmente a comarca de Valdeorras e outras zonas montañosas da provincia a porcentaxe de precipitación foi ata un 90 % inferior ao normal. Sen embargo, tamén hai zonas na que anomalía de precipitación é positiva, como algunhas localidades da comarca de Santiago e o Xallas, e a Baixa Limia, que acadaron ata un 15% máis da precipitación normal nun mes de febreiro.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de febreiro de 2019.

6.3. Días de chuva en febreiro de 2019

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 6.4. Os valores máis altos de número de días de chuva déronse na Costa da Morte, onde acadáronse valores de máis de 11 días de chuva. Os días de chuva máis baixos déronse na provincia de Ourense, onde apenas se acadaron os 3 días.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de febreiro de 2019.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de febreiro. Pódese observar que son poucas as localidades que superan precipitacións acumuladas máis altas dos 100 L/m². Destaca o período o día 9 ao 10 de febreiro como o que rexistrou as precipitacións máis importantes, debido a que a Comunidade estivo baixo a influencia dunha profunda borrasca, que tamén deixou ventos intensos. De feito nestes dous días rexistrouse un terzo da precipitación total acumulada nalgunhas estacións meteorolóxicas, tal e como se pode observar nas táboas 7 e 8.

Precipitacións acumuladas máximas en febreiro de 2019			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	158
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	151
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	147
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	142
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	126
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	119
Costa	ROIS	A Coruña	117
Cespón	BOIRO	A Coruña	116
Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	108
Olas	MESÍA	A Coruña	95

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2019.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	70	09/02/2019 05:20
Muralla	LOUSAME	A Coruña	58	09/02/2019 05:30
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	54	09/02/2019 08:00
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	49	09/02/2019 06:20
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	48	09/02/2019 08:40
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	45	09/02/2019 05:30
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	44	09/02/2019 09:30
A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	44	09/02/2019 08:30
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	44	09/02/2019 05:40
Costa	ROIS	A Coruña	43	09/02/2019 07:50

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de febreiro de 2019.

6.4. Evolución da precipitación en febreiro de 2019

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019, para esta serie, foi 52 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2019 para febreiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de febreiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 53 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. Destaca que desde o período 2012 o precedente máis seco, case todos os meses de febreiro estiveron por riba da normalidade.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en febreiro, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Nas xornadas do 1 e do 10 cando Galicia estivo baixo a influencia de borrascas moi profundas, superáronse os 100 km/h en moitas localidades. Nas táboas 12-14, debido ao predominio de situacións anticiclónicas, obsérvase unha elevada porcentaxe de calmas, en case todas as estacións meteorolóxicas escollidas.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en febreiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
10/02/2019	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	144.4
01/02/2019	Lira	CARNOTA	A Coruña	141.5
01/02/2019	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	127.4
01/02/2019	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	122.7
10/02/2019	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	119.6
10/02/2019	Burela	BURELA	Lugo	118.1
10/02/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	117.2
01/02/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	116.4
01/02/2019	Sálvora	RIBEIRA	A Coruña	116.1
01/02/2019	Corón	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	111.7
01/02/2019	Corrubedo	RIBEIRA	A Coruña	110.1
01/02/2019	Xares	VEIGA (A)	Ourense	109.2
10/02/2019	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	108.4
01/02/2019	Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	108.1
01/02/2019	Ons	BUEU	Pontevedra	106.1
09/02/2019	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	106.0
01/02/2019	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	103.5
01/02/2019	Corno do Boi	FRIOL	Lugo	103.0
10/02/2019	Muralla	LOUSAME	A Coruña	102.4
10/02/2019	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	102.1

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de febreiro.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	141.5	S	11		
		Día 1				
Pta. Candieira	Cedeira	127.4	SO	12		
		Día 1				
Malpica	Malpica	122.7	O	8		
		Día 1				
Marco da Curra	Monfero	94.8	SO	8		
		Día 1				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de febreiro de 2019 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	118.1	S	14		
		Día 10				
Ancares	Cervantes	116.3	S	14		
		Día 1				



Táboa 11: Resumo vento no mes de febreiro de 2019 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	98.6	SO	14		
		Día 1				
Rodicio	Maceda	77.5	SO	15		
		Día 1				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	69.6	S	43		
		Día 1				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de febreiro de 2019 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	106.1	SE	6		
		Día 1				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de febreiro de 2019 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de febreiro de 2019.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 562 raios neste mes de febreiro. Estes raios foron detectados nas dúas primeiras xornadas do mes, cando Galicia estaba afectada por unha situación moi inestable do noroeste. (Figura 15).



Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en febreiro de 2019.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, a situación sinóptica que afectou a Galicia nas dúas primeiras xornadas do mes, fixo que a maioría dos raios se detectasen na provincia de A Coruña (Figura 16).




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en febreiro de 2019.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en febreiro en Galicia dende o ano 2010 ao 2019. Nesta gráfica pódese observar como o febreiro de 2012 foi o único que non rexistrou raios en Galicia.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en febreiro dende 2010 a 2019.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 2

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Gándara	9.9	13.38	21.3	25	7.3	2.1	1	125	36.3	10	61	74	87	57	53	157	949	22	108	10	974	13	0				
Aldea Nova	11.0	15.17	22.3	26	7.7	2.6	3	76	22.0	10	19	72	89	54	46	135	870	9	87	1	990	9	0				
Arzúa	8.6	15.24	23.2	26	2.8	-1.5	3	70	21.4	10	18	81	100	52	55	162	1006	5	67	1	980	10	8				
Camariñas	11.7	14.96	20.9	24	8.3	2.9	3	59	29.8	17	0	80	94	61	60	175	1072	17	89	1	1022	9	0				
Cariño	11.4	15.31	20.1	15	8.0	4.3	3	74	19.4	10	17	78	93	60	55	161	972	10	83	9	1022	9	0				
Cespón	10.7	16.82	23.7	24	5.8	0.2	3	115	36.3	10	65	84	99	56	56	165	981	6	68	1	1019	12	0				
CIS Ferrol	11.3	16.96	24.1	26	6.8	1.9	3	61	15.7	17	6	76	98	50	51	150	937	8	85	1	1020	9	0				
Corrubedo	11.9	16.1	22.8	25	8.4	3.2	3	51	21.5	17	-11	73	91	53	57	167	1054	10	110	1	1020	9	0				
Coruña-Dique	12.1	15.86	22.7	26	8.5	3.2	3	46	14.2	1	-	71	88	51	-	-	-	17	96	2	1021	7	0				
Coruña-Torre de Hércul	12.6	16.84	24.4	26	9.3	4.0	3	45	16.9	17	-	66	82	49	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	9	0	
*Costa	10.1	15.96	23.1	25	5.4	-0.4	3	116	29.1	10	-	87	99	61	-	-	-	3	55	1	1003	10	1				
*Coto Muiño	8.5	15.52	23.5	25	2.8	-2.3	19	146	31.7	10	-	86	100	58	-	-	-	3	52	1	-	13	8				
Fontecada	9.2	14.13	22.0	25	5.2	-1.0	3	151	44.0	10	97	77	89	54	54	157	942	10	78	1	980	12	2				
*Guísamo	11.4	16.59	24.8	26	7.5	1.7	3	64	25.5	1	-	67	84	47	-	-	-	3	41	1	1002	9	0				
*Lesende	10.7	15.69	22.8	26	6.9	1.4	3	80	24.9	17	26	74	87	53	54	159	945	4	58	1	1003	13	0				
Lira	11.8	14.64	21.7	24	9.5	4.2	2	47	22.0	17	-21	73	86	57	58	171	1012	21	141	1	-	12	0				
Mabegondo	10.0	16.68	24.9	26	4.2	-1.1	3	65	23.5	1	5	82	99	55	56	164	1026	7	68	1	1012	8	3				
Malpica	11.2	15.4	22.2	26	8.3	3.3	3	56	16.8	17	5	85	98	65	57	168	1009	17	122	1	1004	9	0				
Marco da Curra	8.3	12.45	20.3	25	5.2	-0.1	1	53	21.8	1	-7	75	88	57	55	161	969	18	94	1	946	11	1				
Melide	8.6	15.44	23.4	25	2.9	-3.1	3	57	23.6	1	3	75	94	50	56	165	977	6	68	1	968	10	5				
Muralla	8.7	12.18	19.5	24	6.3	0.5	2	158	39.9	9	110	81	92	62	47	139	781	21	102	10	946	13	0				
*O Val	10.6	16.68	24.0	26	5.6	1.0	3	52	13.6	10	-	77	93	54	-	-	-	4	69	1	1015	9	0				
Olas	9.3	14.53	22.9	25	5.0	-2.5	3	95	28.5	1	38	77	95	54	49	145	902	13	75	1	-	11	2				
*Ordes	8.5	15.58	24.4	26	2.2	-2.4	12	72	20.9	1	-	79	94	53	-	-	-	3	45	9	991	12	7				
*Paramos	9.0	14.13	21.6	25	4.8	0.0	3	142	28.6	1	-	88	99	67	-	-	-	10	68	1	980	13	0				
*Pazo de Galegos	10.4	16.41	24.0	26	5.3	-0.9	3	59	20.3	1	7	83	98	59	54	159	1007	3	54	9	997	8	1				
Punta Candieira	11.9	14.95	22.0	26	9.5	4.2	1	40	13.6	10	-41	68	84	53	53	156	999	26	127	1	992	9	0				
Punta Langosteira	12.4	15.58	22.2	22	9.3	4.8	3	49	19.7	1	-	72	89	55	56	158	969	17	89	10	1023	7	0				
Río do Sol	8.5	12.76	21.4	25	5.6	-0.8	1	107	27.5	10	42	77	90	58	51	144	984	20	97	1	961	13	3				
*Rus	10.4	16.89	25.0	26	4.9	-0.1	12	87	26.1	17	-	82	98	56	-	-	-	4	45	10	1007	12	1				
Sálvora	12.0	14.79	20.9	24	9.6	4.9	3	72	24.8	1	7	78	91	60	63	184	1113	18	116	1	-	9	0				
Santiago-EOAS	10.2	15.52	23.0	25	5.8	-0.7	3	84	24.2	10	29	79	96	53	54	158	966	11	101	-	993	10	1				
Santiago-San Lázaro	10.1	15.02	22.4	24	5.6	-0.8	3	50	12.7	1	-5	75	91	52	54	159	960	8	77	1	987	12	1				
Sergude	9.6	16.14	23.7	26	4.7	-0.6	3	59	15.8	10	-	80	97	53	46	134	831	-	-	-	-	9	1				
Serra da Faladoira	9.2	13.08	21.3	26	6.2	0.2	1	85	31.7	1	21	73	88	55	56	163	1008	18	89	1	955	9	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 2

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Ourense																											
A Mezquita	6.3	11.61	18.9	24	2.0	-5.3	3	40	15.6	10	-24	67	84	48	68	201	1201	11	79	2	907	5	7				
*A Portela	8.3	16.64	24.1	25	2.0	-1.5	4	37	21.2	1	-21	73	97	40	61	180	1076	4	51	1	-	4	7				
*A Trabe	7.9	12.74	19.1	25	3.7	-1.0	4	42	24.2	1	-19	68	82	51	66	194	1165	4	40	1	934	4	2				
Alto do Rodicio	7.0	11.18	18.3	24	3.6	-2.9	3	38	11.7	10	-25	71	87	52	64	187	1150	13	77	1	911	7	5				
Amiudal	8.9	14.35	22.9	25	4.5	-0.8	19	75	35.0	1	15	73	89	51	62	183	1104	9	91	1	959	9	2				
As Petarelas	7.9	15.39	23.0	25	2.4	-2.1	3	41	24.3	1	-	70	89	42	64	188	1148	-	-	-	-	5	4				
Baltar	5.9	12.91	20.1	24	-1.2	-4.7	3	41	26.2	1	-16	73	97	44	64	189	1120	9	71	1	931	5	19				
Cabeza de Manzaneda	2.4	5.63	12.8	25	-0.5	-8.8	3	32	15.8	10	--	71	90	50	70	184	--	21	88	10	828	6	13				
*Calvos	5.4	12.82	20.2	25	-1.7	-7.2	28	49	28.1	1	-4	80	99	49	65	192	1146	7	65	1	-	7	20				
Casaio	6.2	9.89	15.9	24	2.9	-5.2	3	19	7.6	1	-	59	77	40	-	-	-	6	93	10	-	5	5				
*Corzos	5.1	11.18	18.8	25	0.5	-7.6	3	34	13.6	18	-	68	86	46	-	-	-	8	64	1	-	5	12				
Entrimo	8.3	14.76	23.5	24	3.8	-2.0	3	89	36.7	10	-	75	91	51	54	159	1029	-	-	-	-	8	4				
*EVEGA Leiro	8.1	18.88	27.9	26	1.0	-2.0	14	41	20.4	1	-	81	97	43	-	-	-	1	40	1	1012	7	11				
Gandarela	9.3	14.55	21.7	25	5.2	-0.1	3	45	23.3	1	-18	72	87	54	62	183	1099	7	69	1	951	6	1				
Lardeira	3.5	7.36	13.9	26	0.4	-8.5	3	11	4.5	18	-52	64	81	44	62	183	1173	20	117	10	842	4	12				
*Larouco	8.4	15.35	22.8	26	2.6	-1.5	4	27	14.4	1	-	64	83	40	-	-	-	4	45	1	963	4	6				
Laza	7.5	15.08	21.7	25	1.6	-2.7	4	41	23.4	1	-15	76	98	45	64	188	1114	4	57	1	-	5	8				
Monte Medo	8.4	14.5	22.4	24	3.0	-2.2	3	36	21.8	1	-	71	92	44	60	177	1057	-	-	-	-	5	4				
O Invernadeiro	4.6	11.69	19.4	24	-0.5	-5.9	3	74	32.4	10	21	78	95	51	62	183	1118	8	63	1	906	8	15				
Ourense	8.7	17.88	26.0	25	2.3	-1.0	4	30	16.6	1	-	75	94	40	-	-	-	-	-	-	-	7	5				
Ourense-Estacións	9.6	18.06	26.8	24	3.6	0.5	4	26	13.4	1	-26	74	93	43	53	157	983	3	45	1	1010	6	0				
*Pazo de Fontefiz	9.4	15.29	22.3	25	4.1	-1.7	3	37	15.6	1	-19	70	87	48	55	161	985	4	43	26	976	7	3				
*Ponte Boga	8.9	15.42	23.5	26	3.5	-1.2	20	37	16.8	1	-28	64	82	44	59	174	1071	5	47	1	969	4	4				
*Prado	8.6	17.72	25.4	26	2.8	-0.7	14	25	13.8	1	-	81	94	49	-	-	-	2	39	10	1009	5	5				
Remuíño	8.0	18.51	27.5	26	1.7	-1.4	13	41	15.8	1	-8	84	97	46	50	146	954	3	62	1	-	8	6				
*Riós	7.7	12.71	19.6	25	3.5	-2.8	3	51	29.8	1	-14	68	85	49	67	197	1225	5	52	1	-	3	4				
San Xoán de Río	6.1	11.39	19.1	25	1.9	-4.0	3	29	11.0	1	-32	73	89	51	64	187	1118	14	86	1	906	4	9				
Serra do Eixe	5.5	9.83	18.1	26	1.6	-5.4	3	37	13.2	18	-23	72	87	50	65	190	1160	14	83	1	884	6	8				
Verín-Vilamaior	8.3	15.09	21.7	25	2.6	-2.0	4	25	12.2	1	-37	71	92	45	66	193	1145	6	53	2	961	4	4				
Verín-Vilela	6.1	16.36	23.2	25	-1.7	-4.9	4	26	15.5	1	-27	79	97	44	65	190	1106	4	50	1	-	4	24				
Viana do Bolo	7.1	13.45	20.8	25	1.6	-3.6	3	41	15.7	1	-20	69	90	46	66	195	1121	9	53	1	926	4	8				
Xares	2.8	6.53	14.2	25	-0.2	-8.9	3	22	10.8	1	-41	69	89	49	64	182	1196	23	109	1	828	7	14				
Xinzo	6.9	13.95	21.5	25	0.4	-3.2	3	26	17.1	1	-32	78	98	50	65	190	1170	9	62	14	951	6	14				
Xurés	7.0	11.48	19.2	24	3.4	-3.0	3	54	24.9	1	-13	69	86	49	67	197	1187	14	98	1	903	7	5				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 2

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Pontevedra																											
*A Armenteira	9.3	14.85	22.7	26	4.5	-0.7	3	57	19.6	10	3	80	94	57	52	154	992	7	64	10	-	-	-	-	9	1	
A Granxa	8.9	17.85	25.5	26	2.0	-1.2	4	74	34.4	10	22	83	98	47	58	171	1030	2	70	1	1020	-	-	-	9	7	
A Lanzada	10.8	16.09	22.5	24	6.1	1.4	3	39	15.0	10	-17	81	96	58	63	185	1068	12	88	1	-	-	-	-	9	0	
*Areas	10.2	18.43	26.5	26	4.7	-1.0	3	70	28.2	10	-	80	95	49	-	-	-	1	33	1	-	-	-	-	8	1	
*Areiro	10.9	16.63	22.9	25	6.3	1.1	3	49	20.2	1	-	76	92	52	-	-	-	3	29	9	1016	-	-	-	9	0	
*As Eiras	9.8	17.14	25.0	26	4.4	-0.6	3	45	15.6	10	-9	83	98	52	61	181	1070	3	60	1	1019	-	-	-	8	1	
Cabo Udra	11.7	16.08	21.9	22	8.2	3.9	3	36	14.3	10	-28	77	92	57	62	181	1080	15	93	10	-	-	-	-	9	0	
Caldas de Reis	10.7	15.53	22.8	25	6.8	0.4	3	57	16.2	1	0	75	90	55	51	150	984	7	79	1	992	-	-	-	10	0	
*Camanzo	9.7	16.36	23.6	26	3.7	-0.1	3	48	17.8	1	-5	78	95	54	51	149	967	5	62	1	999	-	-	-	9	1	
Cangas-Porto	11.9	15.89	22.0	25	8.4	3.3	3	29	12.9	10	-	71	85	50	-	-	-	7	71	1	-	-	-	-	8	0	
Castro Vicaludo	10.1	13.38	21.2	26	7.6	2.5	3	43	15.4	10	-24	73	85	57	59	173	1082	17	95	1	967	-	-	-	9	0	
Castrove	9.3	13.72	21.4	26	6.0	0.4	3	93	32.5	10	50	78	92	60	34	100	773	6	55	9	972	-	-	-	12	0	
*Cequeliños	9.8	17.11	25.1	26	4.3	-0.4	3	45	18.8	1	-17	77	96	48	61	179	1081	8	59	1	-	-	-	-	6	2	
Corón	11.2	15.37	22.5	22	7.6	2.2	3	43	17.8	10	-20	75	89	53	63	184	1116	10	111	1	1023	-	-	-	7	0	
*Entenza	9.8	17.43	25.5	26	4.3	-1.0	3	57	23.8	1	8	82	98	52	50	147	962	1	47	10	-	-	-	-	9	2	
Fornelos de Montes	9.1	13.11	20.3	26	6.2	0.4	1	59	19.1	10	--	58	77	40	--	--	1276	14	52	27	943	-	-	-	10	0	
Illas Cíes	12.2	15.73	22.3	25	9.2	4.8	3	38	13.0	10	-26	77	92	58	66	193	1143	11	103	1	-	-	-	-	9	0	
Lalín	8.8	14	21.5	24	4.4	-2.0	3	55	22.8	1	-	73	90	50	-	-	-	9	74	1	-	-	-	-	8	3	
*Louredo	9.5	14.9	22.9	26	5.7	0.8	3	37	17.2	1	-	85	96	63	-	-	-	2	18	17	996	-	-	-	8	0	
Lourizán	10.2	16.76	22.9	22	5.1	0.1	3	49	17.3	1	-2	83	98	55	54	159	1025	4	66	1	1018	-	-	-	10	0	
*Meder	10.5	17.34	25.0	26	5.1	-0.8	3	45	18.8	1	-	71	89	46	-	-	-	2	36	10	1007	-	-	-	9	1	
Monte Aloia	9.6	15	23.4	26	6.0	0.4	2	89	39.2	10	35	78	92	58	44	130	946	8	72	10	967	-	-	-	9	0	
Mouriscade	7.7	15.03	22.8	24	0.8	-2.6	20	65	23.2	1	10	77	90	60	60	177	1054	7	66	1	965	-	-	-	8	15	
O Viso	10.4	17.97	26.4	25	5.9	1.0	3	56	16.3	1	-1	75	90	50	49	143	953	7	88	1	992	-	-	-	11	0	
Ons	11.6	15.04	21.7	25	8.8	3.8	3	57	18.4	1	-8	77	92	60	67	196	1175	16	106	1	1009	-	-	-	9	0	
*Pé Redondo	11.8	16.57	22.9	25	8.1	1.8	3	49	14.0	10	0	77	91	56	53	155	899	3	66	10	-	-	-	-	10	0	
Pereira	8.0	13.11	21.0	26	3.8	-0.2	3	118	33.8	10	-	79	93	57	59	173	1061	-	-	-	940	-	-	-	12	2	
*Ponte Caldelas	9.6	14.89	22.5	26	4.4	-0.7	3	80	21.3	1	20	73	89	52	58	171	1005	8	61	1	982	-	-	-	9	1	
Pontevedra-Campolongo	11.0	19.14	26.8	25	5.3	0.5	3	53	17.7	1	-	77	95	45	-	-	-	2	54	1	-	-	-	-	10	0	
Queimadelos	10.5	15.01	23.8	26	7.1	1.4	3	76	29.4	10	--	72	85	55	24	71	662	--	--	-	980	-	-	-	9	0	
Rebordelo	8.1	15.51	23.2	26	1.7	-2.2	3	89	32.8	1	-	83	100	53	58	171	1007	-	-	-	982	-	-	-	11	9	
Sanxenxo	11.3	15.84	23.6	25	7.1	1.8	19	48	16.0	10	-7	67	83	47	59	173	999	3	63	1	1020	-	-	-	10	0	
Serra do Faro	6.7	10.58	18.6	24	3.7	-2.0	2	56	17.7	10	-5	73	86	55	58	171	1001	19	90	10	909	-	-	-	8	4	
*Simes	11.5	17.07	24.4	26	6.7	1.3	3	42	17.4	10	-	76	92	54	61	178	1084	-	-	-	-	-	-	-	9	0	
*Soutomaior	10.9	16.72	24.4	26	6.8	1.5	3	57	17.7	10	-	70	84	48	-	-	-	2	45	1	1004	-	-	-	10	0	
*Torrequeintáns	10.8	16.86	23.7	24	5.6	-0.1	3	58	18.0	10	--	73	87	48	--	--	862	4	60	1	1015	-	-	-	10	1	
*Tremoedo	10.5	16.08	22.3	26	5.5	0.1	3	47	20.2	10	-	78	95	53	-	-	-	3	54	10	1016	-	-	-	8	0	
Vigo	12.0	17.19	23.8	26	8.2	2.3	3	48	16.6	1	-	70	85	49	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	8	0	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 2

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Vigo-Campus	10.4	14.03	21.2	26	7.6	2.9	3	68	19.5	1	--	71	86	51	--	--	1078	9	76	10	970	10	0			
Xesteiras	8.5	11.88	20.5	24	6.0	-0.3	2	79	23.7	10	-	77	90	58	-	-	-	23	119	10	-	13	1			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.